

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS**

Orde do 23 de novembro de 2004 pola que se particulariza para o exercicio 2005 o procedemento de concesión de axudas establecida na Orde do 21 de setembro de 2000, pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. O devandito procedemento tramítase como expediente anticipado de gasto.

A Orde do 21 de setembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 189, do 28 de setembro), modificada pola Orde do 28 de outubro de 2000 (DOGº 213, do 3 de novembro) e pola Orde do 21 de abril de 2004 (DOG nº 83, do 30 de abril) establece no seu artigo 5 que os beneficiarios das axudas poderán ser empresas privadas e asociacións destas sen ánimo de lucro.

Por outra banda, o artigo 42 do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, establece que o prazo de presentación de solicitudes non será inferior a corenta (40) días naturais.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes para o exercicio 2004 ao abeiro da referida orde e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, procede establecer as condicións particulares para a concesión de axudas no exercicio 2005.

O artigo 1, 1º.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada sobre expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro) establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións poderán iniciarse sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contra-prestación.

Ademais, o artigo 3, 3º.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada os expe-

dientes relativos as bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea, ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela e existan compromisos de financiamento destinados a aplicación das correspondentes medidas.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Para o exercicio orzamentario 2005 as axudas ao abeiro da referida Orde do 21 de setembro de 2000, modificada pola Orde do 28 de outubro de 2000, e pola Orde do 21 de abril de 2004, e pola presente orde outorgaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 12.03.770 e 770.1 (empresas privadas) e 12.03.780.0 (asociacións de empresas sen ánimo de lucro) do programa 721B (apoio a empresa industrial e de servizos) que figuran dotadas no proxecto de orzamentos de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para 2005 na que normalmente existirá crédito axeitado e suficiente, ata un importe máximo, respectivamente, de 45.103 € (770.0), 45.103 € (770.1) e 90.206 € (780.0), reservándose para o efecto o correspondente crédito.

Artigo 2º

Para a concesión de axudas con cargo ao exercicio orzamentario 2005 ao abeiro da referida Orde do 21 de setembro de 2000, modificada pola Orde do 28 de outubro de 2000 e pola Orde do 21 de abril de 2004 e pola presente orde, o prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes deberán presentarse no modelo que se xunta como anexo a esta disposición.

De conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), a concesión das correspondentes axudas queda sometida en todo caso a condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005 no momento da resolución.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2004.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



UNIÓN EUROPEA
IFOP

PROCEDEMENTO AXUDAS Á PROMOCIÓN, FOMENTO DA CALIDADE E BUSCA DE NOVAS SAÍDAS COMERCIAIS DOS PRODUTOS GALLEGOS DA PESCA, O MARisqueo E A ACUICULTURA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE619A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		CIF / NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

ACTIVIDADE OBXECTO DO INVESTIMENTO (MARQUESE SÓ UNHA ACTIVIDADE POR SOLICITUDE)

- ☐ A) OPERACIÓNS RELACIONADAS COA CERTIFICACIÓN DA CALIDADE, ETIQUETAXE, RACIONALIZACIÓN DAS DENOMINACIÓNS E NORMALIZACIÓN DOS PRODUTOS.
- ☐ B) CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN, MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN E DE CONSELLOS E AXUDAS Á VENDA.
- ☐ C) ORGANIZACIÓN DE XORNADAS, CONGRESOS OU CONVENCIONS.
- ☐ D) PROPOSTAS DE ENQUISAS E PROBAS PARA ANALIZAR AS REACCIÓNS DOS CONSUMIDORES E DO MERCADO, PROSPECCIÓNS DE MERCADO E SONDAXES.
- ☐ E) ORGANIZACIÓN DE MISIÓNS DE ESTUDOS E COMERCIAIS.

EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de axudas publicada na Orde do _____ de 2004 pola que se particulariza para o exercicio 2005 o procedemento de concesión de axudas establecidas na Orde do 21 de setembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

SOLICITA:

A concesión dunha axuda económica segundo os termos sinalados na citada orde para a execución do investimento sinalado.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 23 de novembro de 2004 pola que se particulariza para o exercicio 2005 o procedemento de concesión de axudas establecidas na Orde do 21 de setembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. O devandito procedemento tramitase como expediente anticipado de gasto.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

Conseillero de Pesca e Asuntos Marítimos

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Resolución do 1 de setembro de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto do convenio colectivo de ámbito provincial do sector de pastelería, confeitaría, repostería e pratos precociñados na provincia de Ourense para o ano 2004.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito provincial do sector de pastelería, confeitaría, repostería e pratos precociñados na provincia de Ourense para o ano 2004, código de convenio número 3200785, que se subscribiu con data 30 de xuño de 2004 pola *Asociación de Empresarios de Confeitaría e Pastelería de Ourense*, en representación da parte económica, e, pola central sindical Unión Xeral de Traballadores (UGT), en representación dos traballadores do sector, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, de 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo.

Esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 1 de setembro de 2004.

José Lage Lage
Delegado provincial de Ourense

Convenio colectivo do sector de pastelería,
confeitaría, repostería e pratos precociñados
na provincia de Ourense

I. Disposicións xerais**Artigo 1º.-Ámbito funcional e territorial.**

O presente convenio regula as relacións laborais nas actividades industriais de pastelería, confeitaría, repostería e pratos precociñados na provincia de Ourense. Así mesmo, quedan incluídas as actividades comerciais, tanto maiorista coma retalista, derivadas das reguladas anteriormente.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Comprenderá as empresas indicadas no artigo anterior a todos os seus traballadores. Rexerá igualmente para aquelas empresas que, reunindo tales condicións, se establezan no futuro dentro do campo de aplicación deste convenio.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

O presente convenio entrará en vigor, para todos os seus efectos, o día 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2004. Rematada a súa vixencia inicial, entenderase prorrogado por períodos dun ano se calquera das partes non o denuncia por escrito ante a outra con tres meses de antelación á data de remate da súa vixencia, expresándose na denuncia as cuestións obxecto de negociación.

Artigo 4º.-Compensación e absorción.

Todas as melloras económicas e de traballo que se implantan en virtude do presente convenio serán compensables e absorbibles, en cómputo anual e ata onde alcancen, con todas aquelas melloras voluntarias que tiñan concedidas as empresas, tanto se son aboadas en metálico como en especie e habitación, ou incentivos sobre vendas ou á produción, calquera que sexa o sistema aplicado, así como as producidas ou as que se produzan en disposicións legais a partir da data de entrada en vigor do convenio.

Sen perxuízo de que se poidan estender a calquera situación as melloras establecidas neste convenio nin a facultade de amplialas, as empresas que lle veñan aboando ao seu personal salarios superiores aos exixidos regulamentariamente non estarán obrigadas a aplicar as elevacións que se fixen nas presentes estipulacións, salvo a contía necesaria para suplir diferencias.

Artigo 5º.-Garantía ad personam.

Todas as melloras concedidas neste convenio teñen o carácter de mínimas. Respectaranse a título individual as condicións económicas que fosen superiores ás establecidas neste convenio.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

Segundo o disposto no artigo 91 de texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para a interpretación, vixilancia e cumprimento do pactado por ambas as partes no presente convenio, créase unha comisión paritaria integrada por catro membros da *Asociación de Empresarios de Confeitaría y Pastelería de Ourense* por parte empresarial, e catro membros de UGT, central sindical asinante do presente convenio, pola parte social, fixando a parte empresarial o seu domicilio na Praza das Damas nº 1, 32005 de Ourense, e no parque de San Lázaro 12-1º, 32003 de Ourense, a parte social.

Os acordos aos que se chegue na comisión paritaria en cuestións relacionadas co presente convenio, considéranse parte deste e terán a súa mesma eficacia e obrigatoriedade. Tales acordos remitiranse á autoridade laboral para o seu rexistro.